

# boletín do cesg

Colexio de  
Educadores Sociais  
de Galicia

Nº21 MAIO 2005



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

---

Rúa Gómez Ulla, 7-3º  
15702 Santiago de Compostela  
[cesg@colexioeducadores.com](mailto:cesg@colexioeducadores.com)

## ACTUACIÓNS DO EDUCADOR/A SOCIAL NOS RECURSOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS DESTINADOS A PERSOAS MAIORES

Segundo o artigo 14 da Lei de Servizos Sociais 14/1993, son Recursos Sociais Especializados para persoas maiores:

1. Aqueles orientados á consecución do maior nivel de benestar posible na terceira idade, así como a alcanzar a súa autonomía e integración social.

2. Son equipamentos propios destes servizos as residencias de válidos, asistidos e mixtas, as vivendas tuteladas, os pisos protexidos e cantos centros de carácter especializado se determinen na planificación desta área de actuación.

3. Son programas propios destes servizos os de acollemento familiar de maiores, de turismo e termalismo social, as axudas técnicas e cantos outros favorezan a permanencia da persoa no seu medio, a súa autonomía persoal e a participación activa na vida social.

### Residencias de maiores

As residencias asistidas son establecementos destinados a servir de vivenda permanente e común nos que se presta unha atención integral e continuada ás persoas maiores.

Segundo a súa capacidade as residencias clasifícanse en mini-residencias (de 13 a 59 prazas), residencias (de 60 a 120 prazas) e grandes centros residenciais (máis de 120 prazas).

Segundo a capacidade das persoas para a realización das actividades da vida diaria, as residencias clasifícanse en residencias de válidos (os/as residentes poden valer por si mesmos), residencias de asistidos (os/as residentes necesitan axuda de terceira persoa para a realización das actividades da vida diaria) e as mixtas (existen prazas de válidos e asistidos).

Segundo a súa titularidade, as residencias poden ser: públicas (rede da Xunta de Galicia e concellos) e privadas (Xunta de Galicia, 2002).

É conveniente destacar que a atención institucionalizada ten sentido e é necesaria como resposta adecuada a problemas de persoas en idade avanzada que viven soas, que non teñen familia ou que esta non pode facerse cargo dos seus coidados e/ou que están afectadas dun síndrome invalidante que os incapacita para levar unha vida independente.

### Centros de día

Un centro de día se definiría como un recurso dirixido a persoas maiores que padecen limitacións na súa capacidade funcional, co fin de mellorar o seu nivel de autonomía persoal, mentres permanece no seu entorno socio-familiar, ofrecendo atención integral, (individualizada e dinámica), de carácter sociosanitario e de apoio familiar. Os centros de día, deben dispoñer da infraestrutura necesaria e dun equipo de profesionais especializados na atención de persoas maiores e ofertar unha ampla gama de prestacións: prestacións básicas (servizo de restauración, transporte, hixiene, supervisión e promoción da saúde, información e actividades recreativas), prestacións específicas (rehabilitación, ximnasio, etc.), prestacións complementarias ou opcionais (perruquería, podoloxía, lavandería, etc.) e asesoramento aos familiares coidadores da persoa maior dependente.

É importante sinalar que este recurso só poderá ser eficaz para persoas que manteñen redes sociais ou familiares de apoio, concretamente que convivan con algunha persoa que poida manter no domicilio a atención e os patróns conductuais que son proporcionados no centro.

Os obxectivos terapéuticos de ambos recursos poderían ser:

5. Mellorar a calidade de vida dos usuarios/as mediante programas de reeducación e reaprendizaxe das capacidades deficitarias e tratamentos compensadores e preventivos do declive intelectual.
6. Ofrecer actividades para maximizar as aptitudes vitais e as capacidades intelectuais residuais do usuario/a.
7. Fomentar un marco para a autoestima, no que os usuarios/as poidan restablecela e mantela grazas a un medio protexido e acolledor.
8. Aliviar aos familiares e/ou coidadores dos coidados permanentes do maior.

1. En canto ao centro de día, evitar o retrasar ingresos non desexados en residencias ou hospitais, mantendo ao maior integrado no seu medio de vida cotiá.
2. Proporcionar un marco de formación para profesionais e estimular a investigación e os estudos sobre a incidencia, evolución terapéutica e posible etioloxía da patoloxía e a dependencia.
3. Ser un medio para a participación comunitaria a través do voluntariado.
4. Difundir nos medios de comunicación social todo o referente ao posible diagnóstico da enfermidade de Alzheimer e a terapia e prevención da mesma, co obxecto de facilitar unha asistencia adecuada.

Procédese a continuación á descrición das principais intervencións que pode acometer un educador/a social nunha residencia de maiores e nun centro xerontolóxico de estancias diurnas:

### - **Programas de Intervención destinados ás Persoas Maiores.**

- o **Valoración Xerontolóxica:** funcionamento cognitivo, estado psicosocial, relacións sociais, apoio social.
- o **Animación Sociocultural:**
  - Ocio socioterapéutico.
  - Animación da vida diaria.
  - Actividades culturais.
  - Dinamización comunitaria.
  - Animación lúdico-recreativa.
  - Actividades co persoal.
- o **Actividade Física:** Xerontoximnasia, estimulación motriz, psicomotricidade.
- o **Educación para a Saúde.** Envellecemento saudable.
- o **Intervención en Funcións Cognitivas:** Obradoiros de memoria, estimulación cognitiva, animación estimulativa.
- o **Intervención en Actividades da Vida Diaria:** Actividades básicas da vida diaria, actividades instrumentais da vida diaria, actividades avanzadas da vida diaria.
- o **Intervención con persoas con demencia:**
  - Terapia de orientación á realidade.
  - Terapia de validación.
  - Terapia de reminiscencias.
  - Musicoterapia.
- o **Coidados Permanentes:** Grandes dependentes, coidados paliativos, intervención no morrer e na morte.

### - **Programas de intervención destinados ás Familias:**

- o Información e asesoramento.
- o Educación familiar (reestruturación familiar, desculpabilización).
- o Prevención e intervención no burnout.
- o Formación e apoio aos coidados.
- o Participación en actividades do centro.

### - **Programas de I+D:**

- o Deseño de programas de formación (internos e externos).
- o Formación de persoal.
- o Actividades de concienciación e/ou difusión social.
- o Cursos de preparación á xubilación.
- o Investigación: Estudo de casos, comunicacións a congresos, proxectos particulares, artigos e publicacións.

- **Funcións de Xestión de Programas Xerontolóxicos:** Deseño de proxectos xerontolóxicos, xestión comercial, márketing social, planificación, organización e seguimento de programas, sistemas, protocolos, etc.

<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Organización e celebración do Espazo de Encontro “Educación Social con infancia e familia en dificultade social”, os días 21 e 28 de maio en Santiago de Compostela.</li> <li>✓ Concesión dunha entrevista en directo á Cadea Ser Santiago o pasado día 23 de maio, ofrecida pola Vocal do CESG Eva López Soto, para aclarar a situación actual do/a educador/a social no ámbito da infancia e expoñer contidos e obxectivos do Espazo de Encontro organizado polo CESG sobre o tema.</li> <li>✓ Colaboración, patrocinio e difusión informativa das “Xornadas Técnicas sobre o conflito na Escola: Estratexias e solucións”, organizado polo Colectivo Rueiros e levadas a cabo en Ourense os días 25 e 26 de maio.</li> <li>✓ Concesión dunha entrevista en directo á Cadea Punto Radio Ourense o pasado 25 de maio, ofrecida polo Presidente do CESG, Alberto Fernández de Sanmamed Santos, para falar das Xornadas organizadas polo Colectivo Rueiros sobre o conflito na escola e aclarar as necesidades educativas no sector.</li> <li>✓ Colaboración coa I Escola de Pensamento Aplicado, que está a organizar Xeneme Intervención Social S.L.L.</li> <li>✓ Colaboración e difusión das “I Xornadas: A Escola, ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?”, que terán lugar os días 5, 6 e 7 de xullo na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Sur) de Santiago.</li> <li>✓ Colaboración co Plan Estratéxico de Servizos Sociais para a provincia da Coruña 2006-2010, promovido pola Deputación da Coruña, a través do Estudio Delphi, segunda fase de enquisas.</li> <li>✓ Envío de escritos aos representantes autonómicos dos sindicatos CC.OO, UXT e CIG, solicitando un posicionamento escrito no tocante á necesidade de incorporación dunha categoría única de Educador/a Social no Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia.</li> <li>✓ Envío de escrito á Dirección Xeral da Función Pública reiterando o noso interese, en representación do colectivo de educadores e educadoras sociais, da necesidade de modificación do Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia cara á inserción dunha categoría única de educador/a social que resolva o anacronismo que se dá relacionado coa nosa profesión.</li> <li>✓ Envío de escrito ao Subsecretario do Ministerio de Educación e Ciencia cara a axilizar os trámites para a creación do “Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales”, de ámbito estatal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Envío de escrito á Directora Xeral de Familia da Xunta de Galicia amosando o interese do CESG en dar continuidade ao convenio de colaboración establecido en 2003 para proseguir coa formación aos/ás nosos/as colexiados/as en materia de “Mediación familiar”.</li> <li>✓ Envío de escrito aos Partidos Políticos (PP, PSdG, BNG) solicitando que inclúan como un dos puntos do seu programa, cara ás eleccións autonómicas de xuño de 2005, a incorporación dos/as educadores/as sociais nos centros escolares.</li> <li>✓ Envío á sede do PP de enquisa recibida, cuberta coas aportacións que, como colectivo que representamos aos/ás educadores/as sociais, consideramos que é preciso incorporar ao seu programa electoral como: a necesidade dunha categoría única de Educador/a Social no Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia, a necesidade de inclusión dos/as educadores/as sociais en centros escolares, a necesidade da toma en consideración do CESG nos órganos consultivos existentes, etc. Así mesmo tamén se aproveitou a enquisa para reivindicar unha maior colaboración e presenza dos cargos públicos nos actos organizados polo CESG.</li> <li>✓ Escritos e actuacións coa Secretaría de Estado de Educación, cara á publicación da corrección de erros do Real Decreto 168/2004, de 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de Diplomado en Educación Social establecido polo Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto. (BOE de 13 de febreiro de 2004). O nome da titulación expedida pola Escola Galega de Educadores Especializados en Marxinación Social debe ser Educador Especializado en Marxinación Social. Dita corrección publicouse no BOE do 19 de maio.</li> <li>✓ Busca de ofertas de voos e aloxamento para os/as interesados/as en acudir ao Congreso Mundial de Educadores/as Sociais que terá lugar en Montevideo (Uruguai) en Novembro de 2005.</li> <li>✓ Recurso de reposición contra as bases que haberán de rexer a provisión dunha praza de “Monitor cultural” para o Concello de Porto do Son, publicadas no BOP de A Coruña de 9 de maio, dado que, en condicións dos aspirantes require como titulación a de Bacharelato, FP de segundo grao ou equivalente.</li> </ul>
---	--

**NOVAS PUBLICACIÓNS DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG:**

- “Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa”. Nº 29. Xaneiro-Abril 2005. Monográfico Adolescencias. E.U. Pere Tarrés.
- “Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil”. Nº 132. Maio 2005. Xunta de Galicia.
- Revista “Batente” Nº 6. Abril/Xuño 2005. Xunta de Galicia.
- Revista “Perfiles. Revista general de política social” Nº 209. Maio 2005. ONCE.
- “Boletín Aldizkaria” Nº 118. Maio 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- “Recompilación normativa 2004”. Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- AA.VV.: *Anuario de Justicia de Menores 2001. Nº I.* Astigi.
- AA.VV.: *Anuario de Justicia de Menores 2002. Nº II.* Astigi.
- AA.VV.: *Anuario de Justicia de Menores 2003. Nº III.* Astigi.
- EDREIRA FRAMIR, R.: *A vida da familia Parkinsoniana.* Asociación Parkinson Galicia Bueu e Federación Española de Parkinson.



**ARTIGO DE INTERESE**

**BOLSAS PARA ASISTIR AO CONGRESO MUNDIAL DE EDUCADORES/AS SOCIAIS.**

Como todos e todas sabedes, do 15 ao 18 de novembro deste ano terá lugar en Montevideo (Uruguai) o *XVI Congreso Mundial de Educadores/as Sociais*, baixo o lema “Educación Social: inclusión e participación. Desafíos éticos, técnicos e políticos.”

Para potenciar a participación dos/as profesionais procedentes do noso país, Asedes e o CEGS poñen á disposición dos/as nosos/as colexiados/as un total de 10 bolsas que cubrirán os gastos de inscrición no congreso (non inclúen gastos de viaxe nin aloxamento).

Para a adxudicación destas bolsas, terán prioridade aquelas persoas que no congreso presenten unha comunicación (xa sexa escrita, póster ou ben noutros formatos admitidos como vídeo, DVD, etc.) na que se faga mención ao CEGS ou no que este estea presente dalgún xeito.

As persoas interesadas en beneficiarse dunha destas bolsas deben solicitala por escrito ao Colexio preferentemente antes do día **16 de xuño**.

En canto ao desprazamento, tanto dende o CEGS como dende Asedes estamos buscando as opcións máis económicas para viaxar e aloxarse en Montevideo durante eses días. Informaremos destas opcións de voos e hoteis a aquelas persoas que nos confirmen que lles gustaría asistir, resulten ou non beneficiarias das bolsas ofertadas.

Para informarnos sobre o congreso: programa, metodoloxía, etc., podedes consultar a súa páxina web oficial [www.educadoressociales05.org](http://www.educadoressociales05.org)

Vocalía de Comunicación e Servizos aos/ás Colexiados/as.

## FORMACIÓN CONTINUA

### CURSO VIRTUAL DE EXPERTO EN DROGODEPENDENCIAS

**Organiza:** Universidade Complutense de Madrid e Fundación de Axuda contra a Drogadicción.

**Datas:** curso 2005/2006.

**Prezo:** 412 €.

**Información e inscricións:** Escola Universitaria de Traballo Social. Despacho 3119  
Tel.: 91 394 27 79  
expertodrogas@cps.ucm.es

### CURSOS DA FUNDACIÓN ICSE

#### Cursos on line:

Educar en Rede (30 h.)

Animaeduca (30 h.)

NNTT e discapacidade (30 h.)

Dificultades da aprendizaxe (30 h.)

Recursos prácticos para a educación en valores (20 h.)

Intervención familiar nunha educación integral (20 h.)

Psicomotricidade en idades temperás (40 h.)

**Prezo:** Cursos de 20 h: 75 €; 30 h.: 110 €; 40 h: 140 €.

**Información de interese:** A oferta formativa on-line non só se limita aos cursos sinalados; para máis información consultar a web. Tamén impartirán cursos presenciais en Madrid, Mérida, Sevilla e Santander.

#### Información e inscricións:

Tel.: 954 087812/13 - 912 981730 - 914026328/89

cursos@fundacionicse.com

www.fundacionicse.com

## FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

### CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

- 1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)  
Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un <b>desconto do 10%</b> aos colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

- 2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)  
3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)  
4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLEMENTOS** (125 h.) (A distancia)  
5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

**Organiza:** I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos colexiados/as do CESG.

**Información:** I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 // Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com // www.intervencionsocial.com

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Carballo (A Coruña):** Anuncio convocatoria para a selección de dúas prazas de monitores culturais incluídas na oferta de emprego público para 2005. Declárase deserto o proceso selectivo anterior e convócase de novo. (BOP de A Coruña de 11 de maio)

**Concello de Lugo:** Licitación do servizo de prestación das actividades de animación sociocultural da concellería de xuventude. (BOP de 11 de maio)

**Concello de Vila-Real (Castellón):** Resolución de 20 de abril, referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador de Rúa. (BOE de 12 de maio)

**Concello de Camariñas (A Coruña):** Resolución de 29 de marzo, pola que se aproba a oferta de emprego público para 2005. Unha praza de Bibliotecario-Animador Sociocultural. (BOE de 12 de maio)

**Comarca de La Ribagorza (Huesca):** Resolución de 3 de maio, referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Educador Social. (BOE de 21 de maio)

**Concello de Chandrea de Queixa (Ourense):** Oferta de emprego público para o 2005. Unha praza de auxiliar de información xuvenil, animación sociocultural. (BOP de Ourense de 14 de maio)

**Concello de Mondragón (Guipúzcoa):** Resolución de 22 de abril referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnico de Planificación Social. (BOE de 24 de maio)

**Concello de Nigrán (Pontevedra):** Oferta de emprego público para o ano 2005. Unha praza de Educador/a Familiar, persoal laboral fixo. (BOP de Pontevedra de 26 de maio)

### OUTROS

**Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais:** Resolución de 5 de abril pola que se dá publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas de apoio para familias en situacións especiais. (BOE de 28 de abril)

**Consellería de Familia, Deporte e Voluntariado:** Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas para investimento de centros que prestan servizos para a atención a menores dependentes de entidades de iniciativa social e se procede á súa convocatoria. (DOG de 2 de maio. Corrección de erros en DOG de 12 de maio)

**Consellería de Familia, Deporte e Voluntariado:** Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas para investimento de centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social. (DOG de 9 de maio. Corrección de erros no de 20 de maio)

**Ministerio de Educación e Ciencia:** Corrección de erros do Real Decreto 168/2004, de 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de Diplomado en Educación Social establecido polo Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto. (BOE de 19 de maio). *Corrixe o nome da titulación expedida pola Escola Galega de Educadores Especializados en Marxinación Social. O nome correcto é "Educador Especializado en Marxinación Social".*

**Deputación Provincial de Pontevedra:** Convocatoria de axudas para asociación sen fins de lucro que representen a colectivos que estean incluídos no ámbito dos servizos sociais especializados. (BOP de Pontevedra de 20 de maio)

**Deputación Provincial de Pontevedra:** Convocatoria de axudas para asociacións de mulleres sen fins de lucro. (BOP de Pontevedra de 20 de maio)

**Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais:** Resolución de 9 de maio pola que se convocan subvencións na área de atención a maiores, durante o ano 2005. (BOE de 24 de maio)

**Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais:** Resolución de 9 de maio pola que se convocan subvencións para os programas de turismo e termalismo para persoas con discapacidade. (BOE de 24 de maio)

**Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado:** Orde do 19 de maio pola que se convocan prazas de educadores bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña (DOG de 27 de maio)

## OUTRAS CONVOCATORIAS

### III CONVOCATORIA DE PROXECTOS DIRIXIDOS Á EXCLUSIÓN E MARXINACIÓN SOCIAIS

**Convoca:** Fundación La Caixa.

**Obxecto:** Proxectos dirixidos a nenos, mozos e adultos en risco ou situación de marxinação e exclusión social.

**Beneficiarios:** Entidades privadas sen ánimo de lucro radicadas en territorio español, constituídas como asociacións, fundacións, cooperativas, federacións ou confederacións.

**Prazo:** 28 de xuño.

**Información:** www.fundacio.lacaixa.es

### OFERTAS DE EMPREGO

► **Oferta Nº 951751** Localidade: Vigo Provincia: Pontevedra  
**Monitor/a de tempo libre.** Con carné B e vehículo propio. Encargarase de organización e desenvolvemento de actividades de animación sociocultural con nenos. Imprescindible titulación en maxisterio, educación social ou psicopedagogía. Valoran formación en animación sociocultural.  
**Para contactar:** 902116039 (TELEMPREGO CIMO)

► **Oferta Nº 951408** Localidade: Grove (O) Provincia: Pontevedra  
**Monitor/a de tempo libre.** Para campamento infantil de verán do 22 ao 31 de xullo na zona Lanzada. Imprescindible experiencia.  
**Para contactar:** 902116039 (TELEMPREGO CIMO)

### I CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INTERVENCIÓN SOCIAL(SINGRA)

**Convoca:** Cruz Vermella.

**Obxecto:** Proxectos destinados a mozos, mulleres, menores e persoas discapacitadas, así como a iniciativas integrais para impulsar o tecido asociativo e local dos municipios da costa galega.


**Beneficiarios:** Asociación e ONG das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Muros-Fisterra, Barbanza e O Morrazo.

**Prazo:** 30 de xuño.

**Información:** Oficina de Coordinación Proxecto Singra de Cruz Vermella e oficinas do proxecto en Carballo, Vimianzo, Cee, Ribeira e Cangas.

Tel.: 981 21 60 36

www.proxectosingra.org

Coa colaboración de: 

► **Oferta Nº 951752** Localidade: Ourense Provincia: Ourense  
**Animador/a infantil.** Con carné B e vehículo propio. Encargarase de organización e desenvolvemento de actividades de animación sociocultural con nenos. Imprescindible titulación en maxisterio, educación social ou psicopedagogía. Valoran formación en animación sociocultural.  
**Para contactar:** 988391525 y 902116039 (TELEMPREGO CIMO)

► **Oferta Nº 951876** Localidade: Ourense Provincia: Ourense  
**Animador.** Para animación en festas infantís. Requiren experiencia. Máximo 35 anos.  
**Para contactar:** 902116039 (TELEMPREGO CIMO)

Subvenciona: